



terraetempo

digital galego de pensamento nacionalista

CPN

Cadernos de  
Pensamento  
Nacionalista

21

Manuel Polo, Antía Ínsua e Néstor Rego

**12 de agosto 2016**  
**Proclamamos a nosa**  
**fidelidade á causa do **povo****  
**[Discursos]**



12 de agosto de 2016  
Ferrol



# Moncho Reboiras A loita continúa





# Que o povo galego coñeza de quen é quen na nosa historia.

Manuel Polo



Moi boa tarde camaradas da Unión do Povo Galego, compañeiros e compañeiras do Bloque Nacionalista Galego, cargos públicos e orgánicos, prezada Portavoz Nacional do BNG, amigos e amigas Patriotas que quedades a este país.

Benvidos e benvidas e obrigados por contar coa vosa presenza neste acto de Homenxe a Moncho Reboiras, levamos un día de convivio e camaradería que comezou coa ofrenda floral en Dodro, no cemiterio de Imo onde descansa o noso camarada Moncho, pasando por un xantar e un debate en San Sadurniño e que ten como peche este acto público da UPG.

Diríxome a vos 16 anos despois de que eu falase un día como hoxe na rúa da Terra, aquel 12 agosto de 1999 o camarada Milucho deume a palabra, aquel día dixen o que sentín e afortunadamente está recollido no Terra e Tempo daquel ano, chamaba eu á implica-

ción da mocidade no nacionalismo a través da formación, participación e coñecemento como as mellores armas para combater a parálise social, o individualismo e outras castes de atordamentos individuais e colectivos”.

Aquelas verbas seguen vixentes segue sendo imprescindible a formación, e a participación como ferramentas para que a xente moza entre no nacionalismo político. Como hai 16 anos e como a mediados dos anos 60 o pensamento político da UPG sigue vixente e actual e podemos afirmar que si non existira habería que inventalo, porque Galiza precisa de enerxía propia para a súa transformación.

Na UPG sempre impulsamos proxectos autoorganizados quer no campo da política, do sindicalismo ou do activismo social, cultural, ou ambiental, e sempre actuamos achegando ao nacionalismo a todas as persoas e colectivos que procuran un referente político propio.

Manuel Polo, Secretario de Zona da UPG en Ferrolterra



Hoxe lembramos ao noso compañeiro Xosé Ramón Reboiras Noia, que con 25 anos era un home total no nacionalismo galego, impulsor do partido, da fronte cultural e do sindicalismo nacionalista en plena ditadura franquista. Moncho estaba en Ferrol organizando a clase obreira, e se hoxe temos un sindicato nacionalista potente é grazas en grande medida ao seu impulso a esa grande capacidade que tiña de por en marcha o acordado.

De pouco vale debater, concluír e acordar se logo non hai milleiros de Monchos levándoo á practica. Falamos do traballo colectivo máis no concreto ten que haber militancia que execute o acordado que cumpran os obxectivos para así sumar e avanzar. Moncho Reboiras encarna á perfección o militante traballador e entregado á causa nacional por isto é importante telo como referente vivo na memoria colectiva de todos os patriotas galegos.

Memoria na que debemos manter acesos, entre outros, os fachos que nos alumeen como o de Manuel María, Castelao e Rosalía, que lamentablemente contan con moitos máis amigos de mortos que de vivos. Porque ao poder interésalle a caricatura e porque o tempo e as interpretacións interesadas deforman a historia e a memoria.

Na UPG lembramos o asasinato de Mocho en 1975, si asasinato as cousas polo seu nome, Franco chegou a Galiza a través dos seus emisarios, asasinado en 1936 a todas

as cabezas lúcidas e líderes de opinión. A listaxe é amplísima, nesta comarca terrible, practicamente todas as corporacións asasinadas ou fuxidas. E logo de 40 anos de represión Franco morre matando, asasinado, con todo o poder do Estado.

Por iso é fundamental, básico, elemental, que todo o mundo, todo o pobo galego coñeza os orixinais, coñeza de primeira man quen é quen na nosa historia. Basta de caricaturas de nós mesmos, o poder está moi interesado en manter o pobo galego coa autoestima baixa, sen referentes culturais e políticos xenuínos.

Non pode ser, que o alumando de secundaria, vaia de excursión a un centro comercial e non á casa de Rosalía ou Manuel María, non pode ser que a obra gráfica de Castelao estea dispersa polo mundo e isto so nos preocupe aos nacionalistas, non pode ser que o goberno galego sexa o primeiro promotor dos tópicos para incrementar a caricatura do noso Pobo.

Para transformar a caricatura en autoretrato, para darlle consistencia ideolóxica ao noso pobo, para manter vivos os nosos referentes e así construír un pobo galego liberado dos seus prexuízos e con capacidade de decidir o seu futuro, ten que existir a UPG, porque a Patria ten que estar en nós, no sentimento e na razón.

Coraxe, forza e entusiasmo.

Viva Moncho Reboiras

Viva a Union do Povo Galego





# Un mozo concienciado coa súa patria e a súa clase

Antía Ínsua



Boa tarde Camaradas, amigos e amigas da Unión do Povo Galego.

Un ano máis encontrámonos en Ferrol para lembrar a un dos nosos, Xosé Ramón Reboiras Noia.

Un mozo concienciado coa súa patria e a súa clase, e que compartía as mesmas inquietudes e anxeos de liberación que quen hoxe estamos aquí. Esa foi a causa do seu asasinato en mans da policía franquista, tal día coma hoxe, hai xa 41 anos.

Sendo só un mozo Moncho Reboiras converteuse, xunto con outras compañeiras e compañeiros, nun dos puntais do nacemento dun verdadeiro movemento de liberación nacional e popular no noso país, coa súa fronte sindical, cultural, estudantil e por suposto política, que seguen vivas nos nosos días e achegando Galiza a un futuro de liberdade. Por iso segue sendo para as clases populares, e moi nomeadamente para a mocidade, unha referencia de vida e militancia.

Eles e elas tal vez nin o sabían, mais se hoxe existe en Galiza un sentimento nacio-

nalista e liberador, é grazas á semente da achega do movemento revolucionario creado por Moncho e as camaradas do Partido, á dignificación nacional das Irmandades da Fala, ao nacionalismo galego de Castelao, ao compromiso feminista, lingüístico, patriótico e democrático de Rosalía, ou na poesía de Manuel María. Este ano, en que conmemoramos dun ou outro xeito a todos e todas elas, este ano o seu legado segue presente a través do nacionalismo nas aulas, nos comités de empresa, na defensa dos nosos medios de produción e do medio ambiente, nos colectivos veciñais e asociacións culturais, e mesmo nalgunhas das institucións de representación do noso pobo.

Esta semente só é posíbel grazas a un compromiso militante tristemente fugaz, mais absoluto e exemplar. A traxectoria de Moncho demostrou que a creación de conciencia popular e de ferramentas de transformación social e nacional non son cuestión de anos de dedicación, senón de aguzar o inxenio e a intelixencia para chegar a amplas capas da sociedade, e non para requerir o seu voto cada catro anos, senón o seu compromiso

Antía Ínsua do Comité Nacional da UMG



militante coa liberación nacional da Galiza. Unha vez completado ese obxectivo,

Que importa que nos maten, se deixamos semente de vencer?

A semente de Moncho xermola hoxe coma modelo a seguir para todas e todos os que compartístedes militancia con el, mais sobre todo en quen, coma min, somos recién chegadas á loita pola nosa soberanía.

A súa loita continúa en nós, nas accións individuais e tamén nas que decidimos colectivamente en Galiza Nova e o BNG de forma asemblearia, en Erguer liberando e transformando as aulas dende a unidade das organizacións estudantís do independentismo galego e en infinidade doutras entidades en que participamos as mocidades da Unión do Povo Galego. Mocidades que, coma Moncho, tamén nos tocou vivir unha etapa da historia dura e inxusta, recuperando a represión á disidencia pública e empurrando a que a xeración mellor formada da nosa historia se vexa obrigada a emigrar coma no noso pasado máis funesto; ou a aceptar traballos que non chegan nin a poder considerarse tales, con condicións de explotación e precariedade, que aínda empeoran no caso de seres muller.

Estes problemas teñen solución, que non nos virá de fóra, nin dos discursos baleiros

de quen se presenta coma solución a todos os males co obxectivo encuberto de destruír o único proxecto político que en Galiza combate o capitalismo no económico e o centralismo no político: ese proxecto non é outro que o que representa o nacionalismo galego. Por iso hoxe, a escasos meses dunhas eleccións nas que Galiza se xoga todo, todos os resortes do poder centralista están activos e a pleno rendemento para tratar de acabar con nós, coma tamén o estiveron para tentar acabar coa xeración de Moncho e coa de Castelao.

Ao igual que con eles non puideron, nin con balazos no peito,

nin co exilio que apodrece o peito por dentro, con nós tampouco van poder.

Dicía Manuel María no Poema á Patria da escolma Poemas para construír unha patria que

A patria érguese no territorio  
da nosa intimidade,  
na nación  
do noso sentimento colectivo,  
aséntase na lembranza das  
nosas victorias, esperanzas,  
erros, ledicias e derrotas,  
mantense  
co esforzo popular,  
loita, traballo, entrega fidel  
e xenerosa.  
A patria  
faise día-a-día/intre-a-intre,  
esforzo  
a es-for-zo luíndo  
esta nosa fala que temos para  
entendernos/com-prender-nos,  
na que se dictarán as leises  
e se contará a nosa historia  
única-Historia-verdadeira,  
o idioma común que usamos e  
gastamos para escribir cartas,  
panfletos, programas e cancións.  
A nosa terra aínda non é nosa [...]

Viva a Unión da Mocidade Galega!  
Viva a Unión do Pobo Galego!  
Viva Galiza Ceibe!







# Nacionalismo, única garantía de mudanza real

Néstor Rego



Camaradas, amigas e amigos:

Quero comezar por agradecer inmenso a vosa presenza hoxe aquí porque, para alén de manifestación de tributo á memoria do noso camarada asasinado, Moncho Reboiras, é tamén expresión do voso compromiso activo non apenas con este partido, senón co nacionalismo e coa causa da liberdade da Galiza. Un compromiso hoxe máis necesario do que nunca, nun momento en que o rexime aplica toda sorte de argucias e estratexias para tratar de nos desactivar e todos os recursos políticos e electorais ao seu alcance para tentar illar e debilitar o nacionalismo. Non o van conseguir, nin coas tradicionais -de teor sempre agresivo, cando non directamente coercitivo- nin tampouco coas máis 'modernas' e subtís, máis próximas da teórica sedución, palabra tan na moda política.

Sedución, si, mais con fatais consecuen-

cias se o nacionalismo non tiver -como ten- alicerces sociais, políticos e ideolóxicos ben sólidos. Como esas estratexias veñen deseñadas de terras de touros, en que gustan desa práctica bárbara que denominan mesmo 'fiesta nacional' probaron a nos colocar diante un capote morado para ver se embestíamos e seguimos detrás, dando voltas cara a ningures até rematar na inanición e na perdición final. Mais nós, que na mellor tradición do nacionalismo de Castela, somos convictos anti-touradas e que ademais sabemos como acaba o espectáculo, optamos por manter o rumbo e continuar o noso camiño, conscientes de que non será fácil mais tamén de que é o único que nos leva ao destino certo, o da liberdade e o da soberanía da Galiza.

Por iso hoxe afirmamos con claridade e contundencia que este Partido nin se rende nin se despista. Mais tamén podemos dicir -e diso estamos orgullosos como militantes

Néstor Rego  
Secretario Xeral da  
Unión do Povo Galego



do BNG- que o nacionalismo non cede nin renuncia ao seu labor e aos seus obxectivos. Moi ao contrario, está pronto para dar a batalla política na sociedade galega e para asumir con decisión os retos inmediatos e futuros. E estou porque nacionalismo non un produto de enxeñaría política ou mercadotecnia electoral. É a expresión da vontade do pobo galego de ser libre, de segurarmos coas nosas mans as rédeas do noso futuro, de exercermos como nación no mundo e de construírmos unha sociedade nova, radicalmente democrática e realmente xusta, igualitaria e libre.

Nese empeño levamos 100 anos. O nacemento das Irmandades é o resultado da convicción de que só rompendo a dependencia na acción política diaria podíamos tamén chegar a romper a dependencia política da nación. O resultado da certeza de que apenas confiando nas propias forzas seríamos capaces de camiñar cara a un horizonte de liberdade. Esa mesma convicción foi a que moveu as persoas que nos anos 60 decidiron reorganizar o nacionalismo após a deserción piñeirista e tornouse motivación principal do traballo político da UPG e de Xosé Ramón Reboiras, para quen a creación e fortalecemento de organizacións políticas e sociais propias foi premisa básica para que a causa do nacionalismo puidese avanzar socialmente.

Nestes 100 anos, é verdade, o nacionalismo pasou por momentos diferentes mellores uns, máis difíceis outros. Mais sempre saíu adiante, aproveitando os acertos, que foron moitos, para organizar o pobo e sobrepóndose aos reveses e mesmo aos abandonos daqueles aos que o camiño se lles fai longo demais e optaron -infelizmente xa desde as primeiras etapas- por se aseguraren a comodidade dun lugar ao sol fronte ás dificultades da travesía.

Mais as dificultades -recollo aquí unha idea que a Portavoz Nacional do BNG expresou perfectamente no pasado día da Patria na Quintana- non tiran razóns e por iso non nos impiden constatar que o nacionalismo non só é a única forza que traballa para construír unha Galiza soberana e unha sociedade diferente senón que ademais é, no presente, a mellor ferramenta para defender sempre, sen vacilacións nin interferencias, os intereses do pobo galego, dos traballadores e traballadoras do noso País. Esa é a forza que nos impele a continuar camiñando e avanzando.

Entre eses retos inmediatos aos que antes



facía referencia están as próximas eleccións galegas en que, a ollos de boa parte do electorado, Feijoo se presenta como o inimigo a bater. Tamén o BNG, que é a única forza que ten actuado con coherencia á hora de impedir gobernos do Partido Popular, asume ese obxectivo de derrotar os actuais xestores do sistema na Galiza. Mais non só. A derrota de Feijoo debe ir necesariamente acompañada de políticas diferentes, que abran perspectivas reais de mudanza no País. E fica claro que só o BNG está a colocar sobre a mesa medidas nese liña e, por tanto tamén, apenas o nacionalismo é garantía de que esas mudanzas se poda producir.

Aliás, nós témolo claro. Se no plano electoral inmediato o PP é o obxectivo a bater, o noso inimigo é máis importante e poderoso. O noso inimigo é o rexime político español que nos nega como nación e nos mantén na dependencia, estea xestionado por quen estiver. Esa é a ruptura que nós precisamos como pobo. Por iso non nos valen as palabras ocas que, ao final, van dar no mesmo. Xa sabemos do entusiasmo pro Constitución do vello sucursalismo PP/PSOE, formalmente autonomista. Ao que parece tamén o novo se apunta á defensa da Constitución española, elevándoa á categoría de 'imperio da lei', e do marco autonómico, reducindo os nosos problemas sociais e económicos como pobo a unha cuestión de má xestión por parte de



Feijoo e o Partido Popular. O colofón é que a soberanía da Galiza non é necesaria. Se alguén dubidada sobre cales eran as diferenzas co proxecto do nacionalismo, acaban de trazalas eles propios con claridade.

O nacionalismo rexeitou no seu día a Constitución española porque consagraba un rexime inxusto que ademais mantiña a nosa nación na submisión e na dependencia, en canto a totalidade do españolismo, da dereita posfranquista á esquerda carrillista, apoiaba unha norma que consagraba, para alén do capitalismo e da monarquía, un sistema autonómico que xa Castelao cualificara de inadecuado e inxusto para a Galiza. Hoxe o nacionalismo continúa cuestionando esa Constitución que é o principal sostén normativo dun sistema cruel e corrupto que nos nega a capacidade de decidir como pobo e nos empobrece como persoas.

Aliás, se algo se constatou nestes anos foi que o nacionalismo acertou cando rexeitou o modelo autonómico por valoralo como inadecuado para dar solución aos principais problemas do País, moito menos ás nosas aspiracións como nación. Hoxe o sistema autonómico maniféstase como absolutamente esgotado e inútil fronte á evidencia de que as decisións que máis nos afectan son adoptadas en Madrid e Bruxelas e o goberno galego limitábase -é verdade que con un Feijoo que

actúa como entusiasta delegado de Génova- a aplicarlas de maneira submisa. Por iso, reducir os nosos problemas a que estamos en mans de maos xestores é a mellor coartada para que nada real nin esencial mude no nos País.

Ninguén máis que o nacionalismo coloca no debate electoral a soberanía como horizonte estratéxico, a necesidade imperiosa de podermos decidir sobre o noso. Ao contrario, faise evidente -como dicía- a coincidencia de todas as forzas na defensa do marco autonómico e da Constitución española. O máis significativo, en todo o caso, é que esta coincidencia na defensa dos piares básicos do actual réxime político, non vai sequera acompañada de propostas tácticas que busque, no mínimo, forzar as costuras do sistema. Ao final, todo fica en retórica baleira. No entanto, nós integramos unha forza política que é capaz a un tempo de manter a perspectiva no horizonte estratéxico sen descoidar nunca a atención aos problemas cotiáns nin ás propostas para resolvelos.

Por iso o diferencial do nacionalismo non está só nas alternativas estratéxicas. Sabemos que a conquista e o exercicio da soberanía non é para mañá e como o proxecto nacionalista de que nós participamos nunca foi ideoloxista presenta propostas tácticas, perfectamente verificábeis, mais que, se se executasen, representarían unha mudanza importante e abrirían novas vías para o futuro. No mínimo, porían en evidencia diante do pobo galego tres cuestións esenciais para podermos avanzar en consciencia e en organización.

Unha: que non somos un País subsidiado que vivamos da caridade dun Estado protector, senón que vivimos do noso propio traballo e esforzo. Dúas: que, moi ao contrario, como un País espoliado, ao que España rouba o froito do seu traballo, os seus aforros, os seus recursos e os seus dereitos colectivos. E tres: somos un País con enormes potencialidades que só precisan das condicións adecuadas para seren desenvolvidas, condicións que parte da capacidade soberana do pobo galego de decidir sobre si propio.

Ninguén máis que o BNG vai colocar no debate propostas que poñan en cuestión o corsé autonómico e representen realmente políticas novas que dean ao noso País capacidade real de actuar. Só o nacionalismo está a falar dun novo sistema de financiamento, baseado no concerto económico, o que significa tanto como asumir que nos debemos au-



torresponsabilizar do noso futuro. Só o BNG defende unha Facenda galega, unha Axencia galega antifraude e a plena capacidade normativa para podermos aplicar políticas impositivas progresivas e xustas, gravando, por exemplo cun tipo de 35% as grandes fortunas.

Ninguén máis que o nacionalismo propón, poñamos por caso, un marco galego de relacións laborais, a redución progresiva das subvencións até a eliminación total do ensino concertado para podermos mellorar realmente o público ou políticas efectivas de normalización da nosa lingua para logramos estender o seu uso a todos os ámbitos e recuperar falantes. Ninguén, excepto o BNG defende a necesidade de que a Galiza teña unha política exterior propia, entre outras cousas para negociar directamente acordos económicos con terceiros países ou para podermos aproveitar o inmenso potencial neste ámbito do mundo lusófono.

O noso propósito como nacionalistas é crear consciencia nacional e organizar o povo para podermos avanzar socialmente. Nese traballo debemos utilizar todos os medios ao noso alcance. E as eleccións son máis un medio e unha oportunidade para levar

as propostas do nacionalismo á sociedade, para dar o debate político e para fortalecer o proxecto nacionalista. Sabemos que o reto é complexo, mais temos a fortaleza ideolóxica e a vontade política suficiente para o superar con creces. Temos, aliás, organización, programa e un equipo humano excepcional encabezado pola nosa Portavoz Nacional, Ana Pontón, e conformado polo conxunto da militancia e da base social do BNG. Eses son os nosos grandes valores á hora de encarar un proceso electoral en que o traballo persoal de tod@s e cada un/ha de nós é chave para o éxito.

Estamos prontos, como Partido e como militantes nacionalistas, para enfrontar ese reto e todos os que viñeren por diante, por moi difíceis que foren. O noso único compromiso é coa Galiza e co povo traballador galego. Reafirmámolo hoxe aquí, neste acto de tributo ao camarada Reboiras en que, máis unha vez, recolleemos o seu exemplo de traballo incansábel na autoorganización do povo galego e proclamamos a fidelidade á causa do povo, da soberanía e da independencia nacional á que o noso camarada entregou a súa vida. Por iso proclamamos tamén, máis unha vez, que a loita continúa e continuará até a vitória final.





# Moncho Reboiras...

...a loita continúa

# CPN

Cadernos de  
Pensamento  
Nacionalista



[www.terraetempo.com](http://www.terraetempo.com)



---

**terraetempo**  
dixital galego de pensamento nacionalista